




Concurso de recollida de
pilas e acumuladores en centros educativos

DOSSIER PARA PRENSA

curso 2023/2024



recicla con
enerxía!



www.pilabot.gal

@MAmbienteXunta





INDICE

1. A CAMPAÑA	3
1.1 OBXECTIVOS	3
1.2 PARTICIPANTES	3
1.3 EDICIÓNS ANTERIORES	4
2. CONCURSO	5
2.1 DESENVOLVEMENTO	5
2.2 CALENDARIO	5
2.3 PREMIOS	6
2.4 ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA	6
3. RECICLAXE DE PILAS E ACUMULADORES	7
4. WEB, REDES SOCIAIS E MATERIAIS DA CAMPAÑA	10
5. ORGANIZACIÓN DA CAMPAÑA	11
6. CONTACTO	13



recicla con
energía!

@MAmbienteXunta






1. A CAMPAÑA

A Xunta de Galicia, en colaboración con ECOPI-LAS, ERP e ECOLEC, promoven a quinta edición desta campaña de recollida selectiva de pilas e acumuladores portátiles nos centros educativos de primaria e secundaria de Galicia.

No Concurso Pilabot repartiranse entre os centros educativos participantes un total de catro premios en efectivo para investir en material escolar, deportivo e/ou educativo.

Pilabot é un robot que foi creado para cumprir unha misión: protexer o medio ambiente minimizando a contaminación das pilas. Fabricárono co obxectivo de realizar unha recollida selectiva de pilas, pero o seu traballo está a complicarse. A xente cada vez usa máis aparellos electrónicos e con eles, máis pilas, baterías, cargadores... Pilabot ten que cumprir coa súa misión, polo que solicita axuda ás novas xeracións a través dun concurso para centros educativos: o que máis pilas recolla, terá premio.




1.1 OBXECTIVOS

- Fomentar a recollida de pilas e acumuladores entre a mocidade de 6 a 16 anos desde os centros educativos.
- Informar e concienciar á sociedade sobre a necesidade de reciclar pilas e acumuladores portátiles.

1.2 PARTICIPANTES

Poderán participar no Concurso Pilabot ata 150 centros educativos de educación primaria e secundaria de toda a comunidade autónoma galega, tanto públicos coma privados, concertados ou non concertados (incluíndo os centros participantes en edicións anteriores)

Polo tanto, o público obxectivo do concurso Pilabot son a mocidade galega de 6 a 16 anos.



recicla con
energía!

@MAmbienteXunta



1.3 EDICIÓNS ANTERIORES

Na primeira edición do Concurso Pilabot, correspondente ao curso escolar 2018-2019, participaron 53 centros de A Coruña, 15 de Lugo, 31 de Ourense e 51 de Pontevedra, alcanzando un total de 38.325 alumnos e alumnas. Conseguíronse unhas cifras espectaculares ao recoller preto de 44 toneladas de pilas, acumuladores e baterías usadas, o que representa case o 20% das 230,5 toneladas que se recompilaron no ano 2018 en toda Galicia.

A segunda edición, viuse afectada pola crise sanitaria da COVID-19. Correspóndese ao curso escolar 2019-2020, no que participaron 54 centros de A Coruña, 15 de Lugo, 19 de Ourense e 62 de Pontevedra, alcanzando un total de 38.529 alumnos e alumnas. Un 38% dos centros repetiron a súa participación no concurso. En total acadáronse preto de 59 toneladas de pilas, o que supón un incremento do 34% con respecto á primeira edición.

A terceira edición do Concurso Pilabot desenvolveuse durante o curso 2021/2022, no que participaron 53 centros de A Coruña, 15 de Lugo, 17 de Ourense e 65 de Pontevedra, alcanzando un total de 36987 alumnos e alumnas. En total acadáronse 53.868 kilos de pilas, superando a barreira das 50 toneladas.

A cuarta edición, desenvolveuse no curso 2022/2023 e acadáronse un total de 46.649 kg de residuos.

A campaña vai calando na comunidade educativa: na última edición as prazas cubríronse en apenas unha semana e o 57% dos centros xa participaron con anterioridade na campaña Pilabot.



recicla con
energía!



2. CONCURSO PILABOT

2.1 DESENVOLVEMENTO

A organización do proxecto porá a disposición dos centros escolares unha páxina web (www.pilabot.gal), a través da que poderán inscribirse para participar no Concurso Pilabot.

Unha vez confirmada a súa participación, os centros recibirán os bidóns recolectores de pilas, material promocional da campaña e recipientes individuais para que os alumnos poidan recompilar as pilas que xa non usan nos seus fogares. Despois, levarán as pilas ata o centro e as depositarán no bidón recolector.

Os dous centros que máis quilos de pilas recollan en total e os dous que máis quilos recollan por alumno obterán un premio para a compra de material escolar.

2.2 CALENDARIO

A campaña desenvolverase no curso escolar 2023-2024, entre os meses de xaneiro e abril. Os participantes recollerán as pilas e acumuladores portátiles despois do Nadal, unha época de gran consumo de aparellos que precisan destas fontes de enerxía.

Os bidóns recolectores permanecerán nos centros participantes durante 6 semanas lectivas, tempo no que os alumnos poderán depositar as pilas.

As pesadas realizaranse in situ nos centros e unha vez rematado o prazo do concurso, analizarase a cantidade de pilas recollidas en cada centro para determinar os gañadores.

PERIODO DE INSCRIPCIÓN: 7 de novembro ao 5 de decembro 2023.

DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO: 10 de xaneiro ao 19 de abril de 2024.



recicla con
enerxía!

@MAmbienteXunta



2.3 PREMIOS

Os centros educativos participantes poderán optar a 4 premios:

- Un premio de dous mil cincocentos euros (2.500 €) para o centro educativo que máis quilogramos de residuos de pilas recolla.
- Un premio de dous mil cincocentos euros (2.500 €) para o centro educativo que máis quilogramos de residuos de pilas recolla por alumno.
- Un premio de mil douscentos cincuenta euros (1.250 €) para o centro educativo que quede segundo na clasificación de quilogramos de residuos de pilas recollidos.
- Un premio de mil douscentos cincuenta euros (1.250 €) para o centro educativo que quede segundo na clasificación de quilogramos de residuos de pilas recollidos por alumno.



2.4 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

No momento de realizar a inscrición no concurso, os centros poderán solicitar un dos 50 talleres didácticos de 45 minutos de duración (unha clase) sobre a campaña e a reciclaxe das pilas, que inclúe ademais, actividades participativas.



recicla con
energía!



3. RECICLAXE DE PILAS E ACUMULADORES

As pilas e acumuladores portátiles están presentes en practicamente todos os fogares. Mandos a distancia, reloxos, xoguetes, computadores, calculadoras, teléfonos móbiles, cámaras dixitais, lanternas e moitos máis dispositivos aliméntanse destas pequenas fontes de enerxía que achegan autonomía con respecto á rede eléctrica.

As pilas poden ser de diferentes formas (cilíndricas, rectangulares ou de botón), de diferentes tamaños. Tamén as atopamos dun só uso ou recargables.


- As pilas e baterías usadas son uns dos residuos máis contaminantes que xeramos.
- O consumo de pilas en España sitúase en máis de 500 millóns de unidades ao ano.

Os metais pesados son potencialmente nocivos, tanto para a saúde das persoas como para o medio ambiente. Por iso, nos últimos anos aumentaron as restricións legais para a comercialización de pilas con estes elementos. Non obstante, aínda se atopan entre os residuos que xeramos, pilas con metais como mercurio e cadmio, en distintas proporcións.

Mentres as pilas están en uso, estes materiais non constitúen ningún perigo xa que están eficazmente illados no seu interior. Con todo, ao final da súa vida útil, e co paso do tempo, pódese producir a corrosión da carcasa protectora e a liberación dos seus compoñentes internos (electrolitos e metais pesados).

Se as pilas non son xestionadas correctamente, os metais pesados que poden conter poden chegar a contaminar o solo e a auga, podendo acumularse na cadea trófica prexudicando aos ecosistemas e mesmo aos seres humanos.

Reciclando non só evitamos a contaminación, senón que tamén reducimos a extracción de novas materias primas preservando os recursos



recicla con
enerxía!

@MAmbienteXunta




naturais e reducindo o elevado consumo enerxético e a contaminación que provoca a transformación de novas materias primas en produtos finais.

Na planta de tratamento final, as pilas introdúcense nunha liña de selección para poder clasificalas segundo a súa tipoloxía. En función da súa composición as pilas sométense a diferentes tratamentos para a separación, extracción e procesado dos seus compoñentes.

Así, coa reciclaxe, a porcentaxe de materiais recuperados oscila entre o 50 e o 75 % do total en función do tipo de pila ou batería.

Durante o ano 2022, os SCRAP de pilas autorizados en Galicia (Ecopilas, ERP e Ecolec) recolleron na nosa comunidade a cantidade de 396.379 kg de pilas usadas procedentes dos fogares e en España chegou a un total de 6.647.876 kg recollidos. Neste periodo recolleéronse cifras récord en Galicia, cun incremento do 22,61% respecto a 2021.



Toneladas de pilas de orixe doméstica recollidas en Galicia		
Ano	Toneladas	Diferencia anual
2012	232,81	
2013	207,35	-10,94%
2014	201,331	-2,90%
2015	191,988	-4,64%
2016	197,561	2,90%
2017	194,085	-1,76%
2018	209,459	7,92%
2019	299,889	43,17%
2020	331,908	10,68%
2021	323,293	-2,60%
2022	396,379	22,61%

Que facer coas pilas usadas?

Para que as túas pilas usadas poidan ser recicladas, é preciso realizar en primeiro lugar unha recollida selectiva, separando as pilas do resto de residuos dentro do fogar. En segundo lugar, levar as pilas usadas a un dos máis de 1.900 contedores que podemos atopar en moitos centros educativos, centros públicos, comercios e puntos limpos da nosa Comunidade.



recicla con enerxía!

@MAmbienteXunta



Na páxina web de ECOPILAS facilítase un buscador de puntos de recollida, de forma que poidas atopar o máis próximo.


O 92% das pilas que se depositan nun reciclador adoitan ser pilas salinas-alcálinas, e o outro 8% restante corresponde aos demais tipos de pilas dispoñibles no mercado.

Fagamos un consumo responsable co medio ambiente

A reutilización e redución ou substitución son opcións moito máis eficaces que a reciclaxe. Algúns consellos:

- Emprega pilas de forma responsable, seguindo sempre as indicacións do fabricante.
- Se un aparello funciona tamén enchufado á corrente, prioriza o seu uso para aforrar enerxía e alargar a vida útil da batería.
- Emprega pilas alcalinas naqueles aparellos que teñan unha demanda enerxética alta, coma os xoguetes a pilas.
- Aparellos coma o mando a distancia, que requiren menos enerxía, poden funcionar coas pilas que xa non serven para o coche teledirixido.
- Emprega preferentemente pilas recargables, sobre todo naqueles aparellos de uso máis intensivo.

www.pilabot.gal



recicla con
enerxía!

@MAmbienteXunta





4. WEB, REDES SOCIAIS E MATERIAIS

A web oficial da campaña conta con información sobre a campaña e a reciclaxe de pilas, así coma co formulario de inscrición e datos de contacto.

Na sección NOVAS irase publicando toda a actualidade vencellada á campaña, e tamén se poderá seguir o día a día de Pilabot a través das redes sociais:

www.facebook.com/MAmbienteXunta


www.twitter.com/MAmbienteXunta

www.instagram.com/mambientexunta

Materiais da campaña

Na ligazón www.pilabot.gal se accede ás notas de prensa da campaña, así coma a material gráfico (logotipo, mascota, fotografías...) que resultará de utilidade para a difusión da campaña nos medios de comunicación.

A campaña está organizada pola Consellería



recicla con
enerxía!

@MAmbienteXunta





5. ORGANIZACIÓN DA CAMPAÑA

de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, xunto aos Sistemas Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SCRAP) de pilas e acumuladores autorizados en Galicia: ECOPILAS, ERP e ECOLEC.

Sobre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda:

No que respecta á xestión de residuos, a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático realízase o seguimento e accións de desenvolvemento dos programas autonómicos de prevención de residuos e dos plans autonómicos de xestión de residuos, e o fomento das accións de minimización da produción de residuos, da súa reutilización e reciclaxe e dos programas de colaboración cos concellos e con outras organizacións para a aplicación das accións indicadas.


Neste senso, as campañas de educación e sensibilización xogan un papel moi importante, xa que permiten chegar dunha forma directa á cidadanía, favorecendo a súa participación e colaboración na separación en orixe, o que redundará na mellora dos datos de reciclaxe da Comunidade Autónoma.

Sobre Ecopilas:

Promovida polos principais fabricantes e importadores europeos de pilas e baterías, ECOPILAS fúndase no ano 2000 para dar unha solución ambiental aos residuos destes compoñentes en todo o territorio nacional. Os 759 produtores integrados na Fundación, que representan o 75% do sector en España, son o soporte técnico e financeiro do sistema que fai posible a xestión ambiental dos residuos e a recuperación dos metais e



XUNTA
DE GALICIA



recicla con
energía!

@MAmbienteXunta



demais compoñentes das pilas refugadas, como parte fundamental da súa xestión integral. ECOPILAS, integrada na entidade administradora RECYCLIA, dispón dun modelo optimizado de recollida e reciclaxe de pilas e baterías para toda España, baseado en sistemas xa consolidados en Europa, a través da EPBA (European Portable Battery Association). <http://www.ecopilas.es>

Sobre ERP:

ERP é o único Sistema de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SCRAP) de ámbito paneuropeo que opera en España. Dedícase á xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) e de pilas e baterías (RPA).

ERP nace en 2002 da man de catro compañías multinacionais (Braun, Electrolux, HP e Sony) en resposta á primeira Directiva da UE sobre RAEE. En España opera desde 2005 como SCRAP autorizado de RAEE e desde 2008 tamén como SCRAP de pilas e acumuladores.

Ao longo destes anos, ERP adquiriu unha valiosa experiencia en cada país onde está implantado. E é na actualidade a maior rede mundial de expertos en responsabilidade ampliada do produtor.

Fan máis sinxelo o cumprimento da lexislación por parte dos produtores, ofrecendo solucións de gran calidade ao mellor prezo que simplifican o cumprimento das obrigacións do produtor.

<https://erp-recycling.org/es-es/>

Sobre Fundación ECOLEC:



recicla con
energía!

A Fundación Ecolec é unha organización sen ánimo de lucro que nace para a defensa do medio ambiente e ten un firme compromiso co desenvolvemento sustentable.

O seu obxectivo é financiar de forma eficiente a recollida, o tratamento, a valorización e a eliminación dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) e residuos de pilas e acumuladores. Ademais, Ecolec converteuse no primeiro sistema colectivo de responsabilidade ampliada do produtor (SCRAP) de España en superar os 100 millóns de quilogramos (100.000 toneladas) anuais de RAEE correctamente xestionados.
www.ecolec.es

ECOLEC


BATERÍAS



6. CONTACTO

Máis información da campaña a través de:

- Teléfono: [900 103 138](tel:900103138).
- E-mail: pilabot@ofipilas.es



recicla con
energía!